

Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación da empresa Xeal (antiga Ferroatlántica) (doc. Núm. 2358)

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa o punto 2, débese substituír polo seguinte texto:

“2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Demandar de Xeal a reactivación inmediata dos fornos e a recuperación do volume previo de ocupación e de emprego.
- b) Demandar un Plan de viabilidade das plantas en Cee-Dumbría, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión, de non cumprirse as anteriores demandas a Xunta de Galiza deberá iniciar o proceso de reversión das concesións hidroeléctricas do río Xallas.”
- c) Reunirse de inmediato co Comité de Empresa de Xeal e cos alcaldes/as da comarca da Costa da Morte, para informarlles das condicións nas que se produciu a venda da empresa e da situación industrial na que se atopan as plantas de Cee/Dumbria.
- d) Negociar cos concellos afectados unha parte do Canon hidroeléctrico que cobra a Xunta de Galicia.”





Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/10/2020 16:46:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/10/2020 16:47:44

